



MANUAL BÁSICO DE PROCEDIMIENTO

PARA A PLANIFICACIÓN DA PREVENCIÓN E A EXECUCIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS REDES DE FAIXAS SECUNDARIAS





ÍNDICE

1.- OBRIGAS DOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS.	2
2.- ELABORACIÓN TÉCNICA DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (PMPDIF) E DETERMINACIÓN E DEFINICIÓN DAS FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.	3
3.- PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DA BIOMASA NO ÁMBITO DAS REDES DE FAIXAS.	4
4.- ELABORACIÓN TÉCNICA DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA O PROCEDEMENTO DE NOTIFICACIÓNS.	5
5.- ELABORACIÓN TÉCNICA DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA O PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN SUBDISIARIA.	9
6.- ANEXOS	11



1.- OBRIGAS DOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS:

Segundo establece a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 7:

Correspóndelles aos concellos e a outras entidades locais:

- a) Elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, consonte o previsto nesta lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.*
- b) Adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade.*
- c) Colaborar cos medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais.*
- d) Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de xeito máis concreto a ordenación e a execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 desta lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 desta lei, conforme o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.*
- e) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, nos termos desta lei.*

Segundo a Instrución da Consellería de Medio Rural 1/2018 (publicada no DOG Núm 87 do 7 de maio de 2018), do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

1. No ámbito de aplicación desta instrución, corresponde aos concellos a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das seguintes obrigas:

a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros:

1º. Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

2º. Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleneiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

3º. Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.


b) Obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama

urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

A través do Convenio de Colaboración subscrito o 9 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, canalízase a cooperación entre a Administración Local e a Administración Autonómica como vía para acometer tarefas de claro interese público como é o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa. Dito Convenio foi publicado no DOG Núm. 156 do 17 de agosto de 2018 e modificado a través da sinatura o 15 de abril de 2019 da primeira addenda ao Convenio, publicada no DOG Núm. 90 do 13 de maio de 2019.

2.- ELABORACIÓN TÉCNICA DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (PMPDIF) E DETERMINACIÓN E DEFINICIÓN DAS FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.

- DESCRIPCIÓN GRÁFICA DO PROCESO:



- RESUMO DO PROCEDEMENTO:

O primeiro paso será a determinación das faixas secundarias por parte do IET, que trasladará a SEAGA para a comprobación das mesmas en colaboración co Concello e a súa inclusión dentro do modelo de Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. No caso de requirirse modificacións darase traslado das mesmas a SEAGA para que volva a delimitar as faixas secundarias correctamente.



O Procedemento de elaboracións dos Plans ven establecido pola Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Segundo o artigo 7 letra a) corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e integrais nos plans de emerxencia municipais de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias. Establece o artigo 16 que a coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlles aos alcaldes ou alcaldesas e a elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.

O ámbito do Plan poderá ser todo o concello ou ir desenvolvéndose por zonas segundo o apartado 4 do artigo 16 da Lei 3/2007. Polo tanto o Concello terá que decidir con carácter previo se procede a elaboración completa ou parcial do PMPDIF. No caso de querer incluír na rede de faixas as vías de titularidade municipal, e construcións e vivendas illadas deberá trasladar esa información a SEAGA para que proceda a definir e delimitar as faixas que orixinen as mesmas. De no incluírse neste momento aprobaríanse estas últimas posteriormente.

Partindo do índice co contido básico dos PMPDIF que se recolle no Anexo I, SEAGA elaborará en colaboración co Concello un modelo de Plan Municipal que trasladará para a súa revisión e validación. Dada a natureza do procedemento o Concello poderá acordar un período de información pública seguindo o procedemento establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Unha vez validadas as faixas abrirase un período de exposición pública, onde as persoas responsables de xestión teñan acceso á información relativa ao Plan Municipal e as parcelas afectadas polas faixas secundarias. Para ese período de exposición pública, as faixas serán incorporadas a un visor público como pendentes de aprobación polo Concello.

Finalizado o período de exposición pública do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) e estimadas, no seu caso, as alegacións que procedan, solicitarase da Consellería de Medio Rural o informe preceptivo vinculante e, unha vez recibido éste, procederase a súa aprobación. Unha vez aprobados parcial ou totalmente os Plans Municipais de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) de cada concello serán incorporadas as faixas secundarias como definitivas ao visor.



3.- PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DA BIOMASA NO ÁMBITO DAS REDES DE FAIXAS


Recóllese o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas no artigo 22 da Lei 3/2007 do que se reproducen neste manual os apartados 1, 2 e 3:

- 1. As persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que remate o mes de maio de cada ano. Exceptúanse os supostos en que, pola extensión ou especial dificultade dos labores de xestión de biomasa ou retirada de especies, sexa precisa a elaboración dunha planificación anual das actuacións, que terá que ser aprobada pola Administración forestal. Esta planificación coordinarase coa actuación doutras administracións públicas responsables da xestión da biomasa e retirada de especies respecto de infraestruturas da súa titularidade, especialmente atendendo á seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, consonte o establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa. A xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas realizarase consonte os criterios establecidos mediante orde da consellaría competente en materia forestal.*
- 2. No suposto de incumprimento do establecido no número anterior, a administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das franxas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, se poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, de ser o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas neste precepto, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.*
- 3. Cando non poida determinarse a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia, no que se incluírán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado.*



4.- ELABORACIÓN TÉCNICA DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA O PROCEDEMENTO DE NOTIFICACIÓNS

- DESCRIPCIÓN GRÁFICA DO PROCESO:



- RESUMO DO PROCEDUREMTO:

Con carácter previo procederase a identificación das persoas responsables do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas recollidas no artigo 21 ter da Lei 3/2007 e no apartado 6º da Instrución 1/2018.

- Para a identificación das persoas responsables do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas teranse en conta, en primeiro termo, os datos recentes de que dispoña o órgano actuante sobre a titularidade do dereito de aproveitamento dos terreos. Para este efectos, entenderanse por datos recentes os obtidos

ou actualizados dentro dos doce meses inmediatamente anteriores.

- Na falta do previsto no número anterior, consideraranse persoas responsables as que figuren como titulares dos terreos no Catastro inmobiliario. Se dúas ou máis persoas figuraren como titulares en común dun mesmo terreo, sexa con atribución de cotas ou *pro indiviso*, entenderase que o cumprimento das obrigas corresponde a todas as persoas copropietarias solidariamente e as comunicacións e requirimentos poderán dirixirse a calquera delas mentres non designen validamente unha como representante de todas para estes efectos.
- Se a titularidade do terreo non constara no Catastro inmobiliario, considerárase que a persoa responsable é descoñecida.

Unha vez identificadas as persoas responsables da xestión da biomasa nas faixas secundarias SEAGA encargárase da elaboración técnica da documentación necesaria para o procedemento de notificacións:

- a) Preparación técnica das comunicacións que conforme ao artigo 22 da lei de prevención de incendios deben ser enviadas ás persoas responsables polos concellos lembrando a obriga de xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas, advertindo da execución subsidiaria con repercusión de custos no caso de que non se cumpran ditas obrigas e, no seu caso, comiso das árbores.

As persoas que resulten responsables procederán a execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas antes de que finalice o mes de maio de cada ano segundo o apartado 1 do artigo 22.

Exceptúanse os supostos en que, pola extensión ou especial dificultade dos labores de xestión de biomasa ou retirada de especies, sexa precisa a elaboración dunha planificación anual das actuacións, que terá que ser aprobada pola Administración forestal

No suposto de incumprimento da obriga de xestión da biomasa nese prazo a Administración competente poderá notificar (de oficio ou a instancia de parte) ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa vexetal (Anexo V), facendo expresa advertencia da posibilidade de execución subsidiaria, sen prexuício do procedemento sancionador que corresponda.

Nesta notificación se lle dará un prazo máximo de quince días naturais para que acometan a xestión da biomasa. Se non o realizasen a administración poderá proceder á execución subsidiaria repercutindo os custos ás persoas responsables.



Tamén poderán lembrar antes do 31 de maio a obriga de xestión de biomasa. Esta comunicación pode facerse de xeito individual a través dun modelo de comunicación previa ou de xeito colectivo mediante a utilización de bandos municipais.

Os concellos terán a súa disposición modelos de bando (Anexo II e II bis) para comunicar ás persoas responsables as súas obrigas en materia de xestión de biomasa segundo o Concello teña ou non parroquias priorizadas. Nos Concellos con parroquias priorizadas procederase a comunicar ás persoas responsables a posibilidade de acollerse ao sistema público de xestión da biomasa mediante a sinatura dun contrato con SEAGA.

Empregarase o Anexo IV para as notificacións individuais ás persoas responsables. A notificación das comunicacións e requirimentos que se envíen ás persoas responsables para lembrar o cumprimento das obrigas de xestión da biomasa suxeitarase ás seguintes regras, establecidas no apartado 8º da Instrución 1/2018 da Consellería de Medio Rural:

- I. As comunicacións e requirimentos terán o contido establecido no apartado 7º da Instrución 1/2018 da Consellería de Medio Rural:
 - Datos catastrais da parcela.
 - Identificación da persoa responsable e título polo cal é considerada como tal.
 - Feitos que motivan a comunicación ou o requirimento e modo de constatación destes.
 - Concreta obriga incumplida co seu fundamento legal.
 - Prazo máximo para o cumprimento voluntario que se computará dende o día seguinte á recepción da notificación da comunicación ou requirimento.
 - Apercibimento de que, en caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, se procederá á execución subsidiaria sen máis trámites. O apercibimento incluírá unha referencia expresa á obriga legal da persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento deste de facilitar o acceso ao suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria e á facultade deste último de acceder sen necesidade de consentimento da persoa titular, agás naqueles supostos excepcionais en que o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución.

- Liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar a devandita execución subsidiaria, coa advertencia de que se procederá a súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumprimento, logo do transcurso do prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados, de ser o caso, os traballos. A liquidación provisional consiste no establecemento dunha cantidade estimada por hectárea dos traballos necesarios para xestionar a biomasa.
 - Advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, se iniciará tamén o correspondente procedemento sancionador, indicando expresamente a Administración competente para sancionar, a cualificación da infracción e a contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer, así como que se procederá ao comiso cautelar da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas.
- II. Cando as destinatarias sexan persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica, utilizarase o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal ou o sistema de notificacións electrónicas de que dispoña o concello actuante, aplicando o réxime das notificacións electrónicas establecido no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Xa que logo, transcorridos dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido, esta darase por efectuada para todos os efectos legais.
- III. Cando as destinatarias sexan persoas físicas, a notificación practicarase en papel, aplicando o establecido no artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no domicilio de que tiver constancia o órgano actuante por calquera medio, incluída a consulta dos datos catastrais dos terreos. Se non se tiver constancia de domicilio ningún, o órgano actuante recadará, mediante consulta ás bases de datos do Instituto Nacional de Estadística, os datos recollidos no padrón municipal, de acordo co previsto no artigo 41.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- IV. Con independencia do medio de notificación que se empregue en cada caso, as comunicacións e requirimentos a que se refire este punto estarán ao dispor das persoas destinatarias na sede electrónica da Xunta de Galicia a través da carpeta do cidadán ou na sede electrónica do concello actuante.
- b) Elaboración técnica do anuncio para ser publicado no *DOG* e *BOE* con indicación dos datos catastrais da parcela cando non se puidera determinar a identidade das persoas responsables ou resulte infrutuosa a dita comunicación.



Cando se trate de persoas físicas e non se poida obter un domicilio para efectos de notificacións ou cando as persoas responsables sexan descoñecidas, as notificacións practicaranse directamente mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, cos datos catastrais do terreo. O cómputo de calquera prazo aplicable ás persoas destinatarias das notificacións iniciárase o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Con independencia do medio de notificación que se empregue en cada caso, as comunicacións e requirimentos a que se refire este punto estarán ao dispor das persoas destinatarias na sede electrónica da Xunta de Galicia a través da carpeta do cidadán ou na sede electrónica do concello actuante.

Os anuncios terán o seguinte contido:


- Datos catastrais da parcela.
- Identificación da persoa responsable e título polo cal é considerada como tal.
- Feitos que motivan a comunicación ou o requirimento e modo de constatación destes.
- Concreta obriga incumprida co seu fundamento legal.
- Prazo máximo para o cumprimento voluntario que se computará dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.
- Apercibimento de que, en caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, se procederá á execución subsidiaria sen máis trámites. O apercibimento incluírá unha referencia expresa á obriga legal da persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento deste de facilitar o acceso ao suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria e á facultade deste último de acceder sen necesidade de consentimento da persoa titular, agás naqueles supostos excepcionais en que o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución.
- Liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar a devandita execución subsidiaria, coa advertencia de que se procederá a súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumprimento, logo do transcurso do prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados, de ser o caso, os traballos. A liquidación provisional consiste no establecemento dunha cantidade estimada por hectárea dos traballos necesarios para xestionar a biomasa.
- Advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, se iniciará tamén o



correspondente procedemento sancionador, indicando expresamente a Administración competente para sancionar, a cualificación da infracción e a contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer, así como que se procederá ao comiso cautelar da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas.

5.- ELABORACIÓN TÉCNICA DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA O PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA

- DESCRIPCIÓN GRÁFICA DO PROCESO:



- RESUMO DO PROCEDUREMTO:

Unha vez cumpridos os prazos das notificacións/publicacións procederáse a levar a cabo unha nova inspección para comprobar o cumprimento ou incumprimento das obrigas de xestionar a biomasa.



Nos casos de incumprimento iniciárase a execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa así como o procedemento sancionador acordándose, de ser o caso, a medida cautelar de comiso da madeira procedente da tala das especies arbóreas non permitidas segundo a disposición adicional terceira da Lei 3/2007

Cando se constate a persistencia no incumprimento das obrigas logo do transcurso do prazo máximo para o cumprimento voluntario outorgado na pertinente comunicación ou requirimento, o órgano que enviou éste procederá do modo seguinte, de acordo co establecido pola Instrución 1/2018 da Consellería de Medio Rural nos apartados 10 e 11:

- Iniciarás actuacións para o cobramento da cantidade liquidada provisionalmente.
- Ordeará a execución subsidiaria, contra a cal non se admitirán recursos en vía administrativa.
- Pedirá simultaneamente ao órgano competente, de ser outro da mesma ou distinta Administración, que inicie o correspondente procedemento sancionador. A petición incluírá expresamente a solicitude de que se adopte como medida cautelar o comiso da madeira procedente da corta de especies arbóreas que deban ser retiradas, de ser o caso.

Rematados os traballos de execución subsidiaria, procederase á liquidación definitiva dos custos. Para isto terase en conta a cantidade cobrada en concepto de liquidación provisional, de ser o caso, e a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda ou custo dos traballos realizados na zona de actuación. A seguir, iniciaranse as actuacións para o cobramento ou a devolución, segundo proceda, do saldo acredor ou debedor resultante.

6.- ANEXOS

- I.- Índice co contido mínimo dun PMPDIF.
- II.- Modelo de bando lembrando as obrigas de xestión de biomasa.
- II BIS.- Modelo de bando comunicando as parroquias priorizadas.
- III.- Modelo de acta de inspección.
- IV.- Modelo de dilixencia de comunicación previa (si se envía algunha antes do 31 de maio).
- V.- Modelo de dilixencia de notificación.
- VI.- Modelo de anuncio de comunicación a responsables descoñecidos.
- VII.- Modelo de anuncio notificacións infrutuosas.
- VIII.- Modelo de acta de comiso.
- IX.- Modelo de resolución orde execución subsidiaria.
- X.- Modelo solicitude Plan Piloto.
- XI.- Modelo solicitude adhesión particulares
- XII.- Lexislación aplicable



ANEXO I

ÍNDICE CO CONTIDO MÍNIMO DUN PMPDIF

- 1 INTRODUCCIÓN
 - 1.1 Antecedentes e xustificación
 - 1.2 Obxectivos
 - 1.3 Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais
- 2 ÁMBITO TERRITORIAL
 - 2.1 Situación, límites e superficies
 - 2.2 Parroquias e núcleos de poboación
 - 2.3 Descrición xeográfica
 - 2.4 Espazos naturais protexidos
- 3 ANÁLISE DO RISCO DE INCENDIOS
 - 3.1 Histórico de incendios
 - 3.1.1 Número de incendios e superficie queimada
 - 3.1.2 Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)
 - 3.1.3 Activación do PEIFOGA en situación 2
- 4 XESTIÓN DA BIOMASA
 - 4.1 Definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa
 - 4.1.1 Perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable
 - 4.1.2 Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas
 - 4.2 Xestión da biomasa en pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal
 - 4.3 Xestión da biomasa nos montes de titularidade municipal

PLANOS

- 1 Plano de Situación
- 2 Rede de defensa contra os incendios forestais
 - 2.1 Rede secundaria de faixas de xestión da biomasa perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable
 - 2.2 Rede secundaria de faixas de xestión da biomasa arredor de vivendas illadas
 - 2.3 Rede das pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal
 - 2.4 Montes de titularidade municipal





ANEXO II

MODELO DE BANDO LEMBRANDO AS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

CONCELLO DE

BANDO

Don....., Alcalde do

FAI SABER

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDCIF), ten como un dos seus obxectivos actualizar o réxime xurídico da loita contra os incendios no medio rural, integrando nel a prevención e a extinción, ademais da protección da poboación, das infraestruturas e das instalacións agrarias.

A planificación preventiva pasa a ser un elemento estrutural fundamental deste sistema, que se asenta na actuación concertada de todas as administracións actuantes no ámbito da defensa contra os incendios forestais.

Nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio, de acordo co artigo 21 da Lei 3/2007, para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, arredor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira, como o eucalipto ou varias variedades de pino, entre outras. Estes requisitos deberán cumprirse antes de que remate o mes de maio de cada ano.

En virtude do que antecede, comunícase as persoas responsables que dispoñen ata o 31 de maio para o cumprimento voluntario da súa obriga para xestionar a biomasa nas parcelas afectadas polas redes secundarias de faixas.

En caso de incumprimento transcorrido o devandito prazo, o concello poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, se é o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei 3/2007, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda. A persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento terá a obriga legal de facilitar o necesario acceso para a realización dos traballos de xestión de biomasa e retirada das especies arbóreas prohibidas. O suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria terá a facultade de acceder sen consentimento da persoa titular, agás nos supostos excepcionais contemplados legalmente, cando o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución Española.



No caso de proceder a execución subsidiaria, o Concello procederá á liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar, coa advertencia de que se procederá á súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumprimento, unha vez transcorrido o prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados os traballos, de ser o caso.

En caso de incumprimento poderá iniciarse tamén o correspondente procedemento sancionador:

a) Administración competente para sancionar (artigo 54 da Lei 3/2007):

1. Será competente para incoar o procedemento sancionador para as infraccións cometidas en terreos agrícolas, forestais e de influencia forestal a persoa titular da xefatura territorial da consellaría con competencias en materia forestal por razón do territorio en que se cometeu a infracción ou daquel con maior superficie afectada.

2. Serán competentes para a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas nesta lei e incoados no ámbito da consellaría con competencia en materia forestal:

a) A persoa titular da xefatura territorial da consellaría competente en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.

b) O órgano competente en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.

c) A persoa titular da consellaría que teña asignada a competencia en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.

3. A incoación do procedemento sancionador en aplicación desta lei, por ausencia de ordenanzas municipais ao respecto, para as infraccións cometidas en terreos urbanos, de núcleo rural e urbanizables delimitados será competencia da respectiva administración local. A resolución dos expedientes pola comisión de infraccións leves e graves corresponderalle á persoa titular da alcaldía e a dos expedientes pola comisión de infraccións moi graves ao pleno do concello, de conformidade co establecido no artigo 21 ter.2 desta lei

b) Cualificación da infracción: infracción leve (51.3.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia), sen prexuízo do establecido no artigo 51.2 g) para as faltas graves.

c) Contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer no caso de infracción leve: 1.000 € (artigo 74.a) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, en relación co disposto no artigo 50.1 da Lei 3/2007. No caso de ser considerada infracción grave a contía máxima da sanción será de 100.000 € (artigo 74.b)

d) Procederese ao comiso cautelares da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas de acordo co establecido no 22.2 da Lei 3/2007.

As faixas secundarias están delimitadas no Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios do Concello e estarán a disposición dos interesados na páxina web do Concello

Para máis información pode contactar con

O que se fai público para xeral coñecemento, en, a de

ANEXO II BIS

MODELO DE BANDO PARROQUIAS PRIORIZADAS

CONCELLO DE

BANDO

Don, Alcalde de

FAI SABER

En virtude do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias **foron seleccionadas as seguintes parroquias e superficies de actuación**, onde a Administración Autonómica realizará a prestación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Concello – Núcleo de actuación	Superficie actuación (Ha.)
Concello	Xx,xx
Parroquia	xx,xx
Parroquia	xx,xx

O acceso á prestación do servizo será voluntario para as persoas responsables e efectuarase, a través dos Concellos, mediante a formalización dos **contratos de xestión da biomasa** segundo o modelo de contrato que establece o Convenio de colaboración.

A tarifa que deberá ser obxecto de abono polas persoas responsables do cumprimento das obrigas da xestión da biomasa que formalicen o contrato será de **350 euros** por hectárea e anualidade. De este xeito o custe dunha actuación nunha parcela de mil metros cadrados sería de 35 €.

As persoas responsables que non accedan voluntariamente a este servizo dispoñen ata o 31 de maio para o cumprimento voluntario da súa obriga para xestionar a biomasa nas parcelas afectadas polas redes secundarias de faixas.

En caso de incumprimento transcorrido o devandito prazo, o concello poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, se é o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei 3/2007, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda. A persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento terá a obriga legal de facilitar o necesario acceso para a realización dos traballos de xestión de biomasa e retirada das especies arbóreas prohibidas. O suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria terá a facultade de acceder sen consentimento da persoa titular, agás nos supostos excepcionais contemplados legalmente, cando o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución



Española.

No caso de proceder á execución subsidiaria, o Concello procederá á liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar, coa advertencia de que se procederá á súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumprimento, unha vez transcorrido o prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados os traballos, de ser o caso.

En caso de incumprimento poderá iniciarse tamén o correspondente procedemento sancionador segundo o previsto no título VII da Lei 3/2007.

Para máis información pode contactar co Concello por teléfono no ou por correo electrónico na dirección

O que se fai público para xeral coñecemento, en a de de

ANEXO III

MODELO DE ACTA DE INSPECCIÓN

ACTA DE INSPECCIÓN POLO TÉCNICO MUNICIPAL DAS FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

CONFORME A LEI 3/2007, DO 9 DE ABRIL, DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

IDENTIFICACIÓN:			
TÉCNICO:	DATA/HORA:	NÚMERO INSPECCIÓN:	EXPEDIENTE:
PROVINCIA:		CONCELLO:	
PARROQUIA:		REFERENCIA CATASTRAL:	
POLÍGONO:		PARCELA:	
DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DA XESTIÓN DA BIOMASA:			
RESPONSABLE:		DOMICILIO:	
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
DNI:	TELÉFONO:	e-mail:	
RESULTADO DA INSPECCIÓN:			
<input type="checkbox"/> Xestión correcta da Biomasa <input type="checkbox"/> Incumprimento do establecido no art. 21 da Lei 3/2007 (redes secundarias) en relación con: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Xestión de biomasa nunha franxa de 50 metros: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (21.1.a) <input type="checkbox"/> Arredor de edificacións destinadas a persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalación industriais, situadas a menos de 400 metros do monte (21.1.b) <input type="checkbox"/> Arredor de edificación illadas destinadas as persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte (21.1.c) <input type="checkbox"/> Presenza de árbores da/s especie/s sinalada/s na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 (art. 21.2) 			
LEXISLACIÓN APLICABLE:			
<p>Artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.</p> <p>Instrucción 1/2018 do, 26 de abril, da Consellería de Medio Rural, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, a Lei 6/2011 e a Lei 7/2012.</p>			
DATOS DA PARCELA			
SUPERFICIE TOTAL PARCELA:		SUPERFICIE FAIXA:	
ESTADO PARCELA:		ESTADO ACCESOS:	
ESTADO XESTIÓN DA BIOMASA:		ESTADO ARBOLADO:	
OUTROS DATOS RELEVANTES:			



OBSERVACIÓNS

DOCUMENTACIÓN ANEXA

- Plano ou esbozo Reportaxe fotográfica Captura de pantalla Informe

Afeccións coñecidas

- Camiño de Santiago
 Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia
 Rede Natura, espazos protexidos
 Zona de policía Dominio Público Hidráulico
 Outros:

SINATURA DA ACTUACIÓN

En testimonio do actuado exténdese a presente acta no día e na data anteriormente indicados que, será remitida á Administración competente na materia.

Persoa responsable da xestión da biomasa:

Técnico/a Municipal:

--	--





Incumprimento do establecido no art. 21 da Lei 3/2007 (redes secundarias) en relación con:

A) Xestión de biomasa nunha franxa de 50 metros:
Perimetral ao solo urbano
Perimetral ao solo núcleo rural
Perimetral ao solo urbanizable
Arredor das edificacións destinadas ás persoas situadas a menos de 400 m do monte
Arredor das vivendas illadas situadas a menos de 400 m do monte
Arredor das urbanizacións situadas a menos de 400 m do monte
Arredor dos depósitos de lixo situados a menos de 400 m do monte
Arredor dos cámpings situados a menos de 400 m do monte
Arredor das gasoleiras situadas a menos de 400 m do monte
